

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 25 DE FEBREIRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2016.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a retrocesión parcial do inmovible do Hospital Xeral Cíes de Vigo á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se inicia a tramitación do regulamento da Lei do solo de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se aproba a Estratexia de acción voluntaria 2015-2018.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de inspección turística da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 e balance da actividade inspectora e sancionadora do ano 2015.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre a adxudicación de solo en dereito de superficie para empresas vinculadas ao sector primario nos parques empresariais dependentes da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a selección do Socio Tecnolóxico da Xunta de Galicia para o desenvolvemento dun Parque tecnolóxico e industrial en Rozas (Lugo).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre os cambios da clasificación microbiolóxica das zonas de produción (abril de 2009 – xaneiro 2016).

A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO NO EIDO DA ADMINISTRACIÓN XERAL TERÁ 714 PRAZAS, MÁIS DO DOBRE QUE O ANO ANTERIOR

- *O 75% da oferta estará centrada nos servizos sociais e no servizo de prevención e extinción de incendios*
- *Do total, 332 prazas serán de acceso libre e a elas poderá opositar calquera persoa*
- *Outras 382 prazas correspóndense coa promoción interna, o que permitirá aos empregados públicos mellorar o seu posto de traballo*
- *62 prazas están reservadas para persoas con discapacidade*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto da oferta de emprego público (OEP) de 2016 no eido da Administración xeral, que contará cun total de 714 prazas, o que supón máis do dobre que as ofertadas no ano anterior (373). A OEP de 2016 estará centrada en dúas grandes áreas, os servizos sociais e o servizo de prevención e extinción de incendios, que concentrarán o 75% da oferta deste ano.

Así, no eido dos servizos sociais a OEP incluírá 318 prazas, das cales 172 serán para promoción interna e 146 de acceso libre. A oferta de emprego permitirá aumentar a estabilidade laboral desta área e mellorar a prestación do servizo, a través de oposicións nas categorías de camareiro-limpador, axudante de cociña e auxiliar de enfermaría. A previsión da Xunta é convocar as oposicións antes do verán.

Por primeira vez desde 2003 a Administración galega incluírá na oferta de emprego o servizo de prevención e extinción de incendios, con 218 prazas, das cales 124 serán de acceso libre e 94 de promoción interna.

Convocaranse prazas nas categorías de condutor de autobomba, vixilante, emisorista, peón e peón condutor, e non exixirán titulación específica, ademais de prazas para persoal funcionario das escalas de enxeñeiros de montes, enxeñeiros agrónomos, enxeñeiros técnicos agrícolas e enxeñeiros técnicos forestais.

A previsión é tamén convocar as oposicións antes do verán e os exames serán en todo caso despois da campaña de verán para non interferir no dispositivo de loita contra os incendios da Xunta.

Seguridade e saúde laboral

Ademais, a Xunta convocará por primeira vez na historia da autonomía 22 prazas de especialistas en seguridade e saúde no traballo, incluídas prazas de especialista en seguridade no traballo, en hixiene industrial e en ergonómia e psicocioloxía aplicada. Isto servirá para favorecer a redución da sinistralidade laboral. A Xunta ten a previsión de convocar estas oposicións a finais deste 2016 ou principios do vindeiro ano.

Finalmente, no eido da Administración xeral ofertaranse outra 40 prazas no corpo de xestión (A2), no corpo auxiliar (C2) e na agrupación profesional do persoal funcionario subalterno. E a Xunta ofertará outras 116 prazas de promoción interna para persoal funcionario, o que permitirá aos empregados públicos acceder a un posto de maior categoría sempre que reúnan os requisitos e superen o correspondente proceso selectivo.

62 prazas para a discapacidade

No total de prazas incluídas na OEP figuran 62 prazas reservadas para persoas con discapacidade. Desta cantidade, 46 prazas resérvanse para persoas con discapacidade xeral e 16 para persoas con discapacidade intelectual.

PRAZAS OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO ADM. XERAL 2016:

	Prazas
Servizo de Prevención e Extinción de Incendios	124
Servizo de Prevención e Extinción de Incendios (prom. interna)	94
TOTAL SERVIZO INCENDIOS	218
Servizos Sociais	146
Servizos Sociais (prom. interna)	172
TOTAL SERVIZOS SOCIAIS	318
Seguridade e saúde laboral	22
Corpo de xestión, auxiliar e subalterno	40
Corpo superior, administrativo e auxiliar (prom. interna)	100
Informática (Prom.Interna)	16
TOTAL RESTO GRUPOS E CATEGORÍAS	178
TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL 2016	714

O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE Á CONVOCATORIA DE 1.112 PRAZAS NAS OPOSICIÓN S DA CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN

- *O obxectivo é garantir a estabilidade do corpo docente e que Galicia continúe a ser a Comunidade Autónoma coa menor taxa de interinidade*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á oferta de emprego público da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da cal se convocarán 1.112 prazas, o 100% da taxa de reposición. Neste sentido cómpre lembrar que a Consellería solicitou ao Goberno central o incremento desta taxa, co fin de manter o grao de interinidade como o máis baixo do Estado.

A convocatoria está prevista para finais do mes de abril e, como vén sendo habitual, o inicio das probas selectivas realizarase unha vez rematado o curso escolar. A distribución de prazas por especialidade queda como segue:

Especialidade	Prazas A2-A1	libre	Total
Profesores de ensino secundario			
Lingua castelá e literatura	14	56	70
Xeografía e historia	11	44	55
Matemáticas	15	60	75
Física y química	8	32	40
Bioloxía e xeoloxía	9	36	45
Inglés	9	36	45
Educación física	4	16	20
Orientación educativa	5	20	25
Formación e orientación laboral	10	40	50
Hostalaría e turismo	3	10	13
Informática	4	16	20
Intervención sociocomunitaria	4	16	20
TOTAL	96	382	478



Profesores técnicos de FP			
Cociña e pastelería		12	12
Instalacións electrotécnicas		24	24
Mantemento de vehículos		24	24
Mecanizado e mantemento de máquinas		17	17
Servizos á comunidade		20	20
Sistemas e aplicacións informáticas		25	25
TOTAL		122	122
Mestres			
Educación infantil		186	186
Lingua estranxeira: inglés		56	56
Lingua estranxeira: francés		30	30
Educación física		40	40
Música		36	36
Pedagogía terapéutica		56	56
Audición e linguaxe		56	56
Educación primaria		40	40
TOTAL		500	500
Inspectores de educación			
		12	12
TOTAL			1.112

A OEP cumpre coa taxa de reposición de efectivos prevista na Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que, no seu artigo 13, autoriza unha oferta de emprego público do 100%. Das 1.112 prazas un total de 1.004 son para ingreso libre e van dirixidas a cubrir 882 xubilacións, 11 excedencias voluntarias, 30 falecementos e os postos de 81 persoas que obtiveron destino definitivo fóra de Galicia en virtude do concurso de traslados, todas elas circunstancias producidas ao longo do ano 2015. O resto das prazas son para acceso desde os corpos docentes clasificados no subgrupo A2 cara ao A1.

Do total de prazas ofertadas para ingreso e acceso reservarase unha cota do 7% do conxunto delas para seren cubertas por persoas cun grao de discapacidade igual ou

superior ao 33%. A distribución da dita reserva por especialidade efectuarase na convocatoria das probas selectivas.

A OPE DO SERGAS PARA 2016 OFERTARÁ 818 PRAZAS POR CONCURSO-OPOSICIÓN E APLICARÁ UNHA TAXA DE REPOSICIÓN DO 100%

- ***Esta oferta é continuación das anteriores dos anos 2012, 2013, 2014 e 2015, que, xunto con esta, supoñen máis de 1.600 prazas***

A oferta pública de emprego (OPE) do Servizo Galego de Saúde para 2016 incluírá 818 prazas para a súa cobertura no sistema sanitario público de Galicia. A concreción das categorías negociouse na mesa sectorial correspondente e inclúe 351 prazas para persoal estatutario licenciado sanitario, das cales 196 son prazas de facultativo especialista de área ata 36 especialidades; 83 de médicos de familia de atención primaria; 36 de médico de urxencias hospitalarias; 3 de médico de admisión e documentación clínica; 6 de médicos coordinadores do O61; 6 de médicos asistenciais do O61; 10 de pediatras de atención primaria; e 11 de odontólogos de atención primaria.

Ofrécense tamén 144 prazas para persoal estatutario diplomado sanitario e de formación profesional (140 para enfermeiros e 4 para a categoría de técnico superior en documentación sanitaria); e 323 para persoal estatutario de xestión e servizos, das cales 10 son do grupo de xestión da función administrativa; 4 de enxeñeiros técnicos; 2 de persoal técnico superior en prevención de riscos laborais; 4 de técnicos especialistas de sistemas e tecnoloxías da información; 10 de traballadores sociais; 85 de grupo auxiliar da función administrativa; 168 de celadores; e 40 de persoal de servizos xerais.

As prazas serán provistas polo sistema de concurso-oposición, co establecemento de quenda libre, promoción interna, e quenda de discapacitados, incluídos discapacitados intelectuais.

1.600 prazas en total desde 2012

Esta oferta é continuación das anteriores dos anos 2012, 2013, 2014 e 2015, que, xunto con esta, supoñen —desde o ano 2012— máis de 1.600 prazas no sistema sanitario público de Galicia. Como novidade, nesta OPE a taxa de reposición que se aplica é o do 100% das vacantes xeradas, e ofértanse todas elas sen excepción.

A incorporación de persoal fixo á Administración sanitaria contribúe a acadar maiores niveis de eficacia, favorecendo a conformación de equipos estables de traballo, con baixos niveis de rotación. Isto redunda nun maior grao de satisfacción dos usuarios e contribúe a unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Neste sentido, a OPE responde ás necesidades asistenciais e organizativas identificadas no Sergas e aos obxectivos da planificación do emprego, como a atención

aos sectores da actividade sanitaria con necesidades específicas de dotación de persoal; o dimensionamento de efectivos segundo as necesidades; a eficiencia das políticas de recursos humanos e a eficacia na súa distribución territorial; a estabilización de profesionais sanitarios; e a ampliación do número de prazas de categorías que foron obxecto da oferta do ano 2015.

OS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DEBERÁN REINVESTIR O 40% DOS SEUS INGRESOS PARA A MELLORA E PROTECCIÓN FORESTAL DO SEU PROPIO MONTE

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe este decreto que dá continuidade á batería de normas da Consellería do Medio Rural que está a desenvolver en materia de política forestal*
- *A Xunta impulsa con esta norma o reinvestimento dos ingresos producidos nos montes na procura dunha xestión forestal sustentable*
- *Nestes terreos estanse a realizar aproveitamentos e a desenvolver actividades e usos que veñen xerar ingresos dun xeito continuado e parte deles deben ser novamente investidos, para asegurar a súa sustentabilidade no tempo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se desenvolve o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de posta en valor e multifuncionalidade. Esta norma ten como finalidade principal mellorar e protexer o monte, co fin de asegurar a súa sustentabilidade no tempo.

O decreto desenvolve a Lei de montes de Galicia, que estableceu, como norma xeral, unha cota mínima do 40% de reinvestimento para a mellora e protección forestal de todos os ingresos xerados por estes montes, co fin de promover un desenvolvemento sustentable dos terreos forestais. Con esta norma clarifícanse as actuacións e prazo de reinvestimento a que teñen que ser dedicados parte dos ingresos xerados polo monte veciñal.

Nestes terreos estanse a realizar aproveitamentos dos diferentes recursos que produce o monte (pasto, biomasa, madeira, castañas, cogomelos...) e estanse a desenvolver diferentes actividades e usos (producción eólica, actividade extractiva, vitivinícola, sociorrecreativa, etc.) que xeran ingresos dun xeito continuado. Por iso, parte destes ingresos deben ser novamente investidos no seu propio monte, que poderán ser de ata o 100% para o caso dos xerados a partir dos produtos resultantes de incendios forestais, pragas ou temporais.

Prazo de reinvestimento

Como os prazos en materia forestal son longos e os reinvestimentos deben ser acompañados a esta realidade, a Lei de montes de Galicia fixou un período máximo de catro anos contados a partir do ano seguinte a que se produciu o ingreso para realizar o reinvestimento das cantidades obrigadas.

No caso de que se tivese que exceder o dito prazo, e sempre de forma xustificada, a comunidade de montes veciñais en man común (CMVMC) podería presentar un plan de

investimentos plurianual que, tras a súa aprobación administrativa, faría posible alongar estes prazos.

Ademais, naqueles casos en que o nivel de cumprimento do plan de xestión forestal do monte veciñal requira dun investimento menor poderá aprobarse unha porcentaxe de reinvestimento inferior.

Esta norma clarifica e asenta unha necesaria seguridade xurídica para as CMVMC co fin de levar a cabo o reinvestimento de ingresos nos seus propios montes. Así, establece unha relación clara e clasificada das actuacións en materia de protección e mellora do monte que poden ser obxecto de execución e financiadas polos obrigados reinvestimentos.

Máis de 3.000 comunidades

Galicia ten máis de 3.000 comunidades de montes veciñais en man común compostas por máis de 150.000 galegas e galegos que posúen a condición de veciños comuneiros. Isto supón unha superficie dunhas 660.000 hectáreas, é dicir, que o 33% da superficie total de Galicia ten a natureza de monte veciñal en man común.

Estas comunidades están a obter ingresos continuamente polo aproveitamento dos seus recursos e actividades, polo que é necesario que unha parte ou porcentaxe deses ingresos sexan reinvestidos en actuacións para a posta en valor e multifuncionalidade dos seus propios montes. Para verificar o cumprimento desta obriga, as CMVMC deben comunicar anualmente estes reinvestimentos á consellería competente en materia de montes.

A XUNTA AUTORIZA A RETROCESIÓN DO HOSPITAL XERAL PARA QUE POIDA ALBERGAR A NOVA CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO

- *A Administración galega autorizou a retrocesión deste inmovible á Tesourería da Seguridade Social*
- *Unha vez que o Estado acepte o inmovible, outorgará á Xunta unha cesión de uso e vinculada a fins xudiciais*
- *Queda excluído da retrocesión o anexo II, que se seguirá destinando a fins sanitarios*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a retrocesión parcial a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social do inmovible do antigo Hospital Xeral de Vigo, un trámite patrimonial imprescindible para que neste inmovible poida estar situada a Cidade da Xustiza de Vigo.

O inmovible do Hospital Xeral de Vigo foi traspasado á Comunidade Autónoma de Galicia mediante o Real Decreto 1679/1990, do 28 de decembro, a través do cal se levou a cabo o traspaso á Xunta de Galicia das funcións e servizos do Instituto Nacional da Saúde (Insalud).

Ao longo de 2015 trasladouse a actividade asistencial do Hospital Xeral ao novo Hospital Álvaro Cunqueiro, o que provocou que este inmovible quedase baleiro. É por isto que o Consello da Xunta autorizou hoxe o expediente de retrocesión patrimonial a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social do inmovible do antigo Hospital Xeral.

Unha vez cumprido este trámite, a Seguridade Social resolverá a aceptación do inmovible obxecto de retrocesión. Posteriormente outorgará sobre este unha cesión de uso á Xunta por tempo indefinido e vinculada a fins xudiciais. Isto permitirá utilizar as antigas instalacións hospitalarias para a Cidade da Xustiza, algo que non resulta posible neste momento dado que só poden ser usadas para fin sanitarios.

Na retrocesión autorizada hoxe non se inclúe a parcela sobre a que se asenta a edificación coñecida como anexo II, que seguirá destinándose a fins sanitarios.

A instalación da Cidade da Xustiza no inmovible do antigo Hospital Xeral servirá para dotar Vigo dun novo edificio xudicial, dada a escaseza de espazo nas actuais instalacións. O edificio do antigo Hospital Xeral configúrase como un emprazamento idóneo, que permitirá concentrar todas as dotacións xudiciais de Vigo nunha zona céntrica da cidade, contribuíndo ademais á súa revitalización.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DE DECRETO DE REGULAMENTO DA LEI DO SOLO QUE INICIA O SEU TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA

- *Trátase dun regulamento integral que inclúe a xestión, planeamento e disciplina, co fin de facilitar aos técnicos o traballo de aplicación*
- *A nova Lei do solo, que entrará en vigor o vindeiro 19 de marzo, é a primeira da historia de Galicia co seu propio regulamento*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o anteproxecto de decreto do regulamento da Lei do solo, aprobada recentemente, co fin de axilizar o máximo posible a entrada en vigor de todos os instrumentos de ordenación do territorio.

Así, coa aprobación inicial poderase iniciar o trámite de información pública por un período dun mes, tras a publicación deste texto na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Trátase dun regulamento integral porque define integramente todas aquelas cuestións que ata o de agora se aplicaban de xeito supletorio na Comunidade galega, é dicir, en todos os aspectos relacionados co réxime xurídico do solo: o planeamento, a xestión e a disciplina urbanística. Na actualidade, aplícanse para a xestión e planeamento os regulamentos estatais do ano 1978 e para a disciplina o decreto autonómico do ano 1999.

Tamén facilita o seguimento da lei e do seu regulamento nun mesmo texto, xa que mantén a estrutura da lei, para facilitar a súa consulta nun único documento, incorporando as aclaracións e contidos que se consideran necesarios en cada apartado; ao tempo que é un texto caracterizado pola facilidade de aplicación e de consulta, ao incorporar dous anexos: o primeiro, recolle as definicións de termos urbanísticos co preciso significado para a aplicación da lei; e o segundo, unha serie de cadros resumo da información de manexo prioritario.

Desde a Xunta de Galicia destácase a importancia deste novo paso en materia de urbanismo e ordenación do territorio porque a nova Lei do solo, que entrará en vigor o vindeiro 19 de marzo, é a primeira da historia de Galicia co seu propio regulamento, redactado polo mesmo persoal técnico da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que tamén redactou a nova lei.

A Lei 2/2016 do solo é un dos textos normativos máis importantes da actual legislatura, por varios motivos, entre os cales destaca o feito de que é unha lei de país, froito dun amplo proceso de participación pública, na que se incorporaron un 80% das alegacións; estende as vantaxes do planeamento a todo os concellos e revitaliza o

rural, potenciando os usos produtivos do rural de forma compatible cos seus valores naturais e culturais.

Outros valores dese novo texto normativo é o feito de que se reducen os trámites administrativos, axilizando e simplificando estes, sen diminuír o control; impulsa a rehabilitación para rendibilizar o patrimonio e defende a paisaxe galega, promovendo que as construcións se adapten ao contorno e fomentando o remate exterior das vivendas.

Este novo avance en materia urbanística vén consolidar a aposta do Goberno galego pola ordenación e protección do territorio, un camiño que se iniciou coa aprobación das Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral e no cal se puxeron en marcha novas ferramentas como a nova Lei do solo, polo que se está a dar resposta á gran demanda que tiña Galicia.

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE TRES MILLÓNS E MEDIO DE EUROS AO ABEIRO DA ESTRATEXIA DE ACCIÓN VOLUNTARIA 2016-2018 QUE AUMENTARÁ A PARTICIPACIÓN ACTIVA DOS CIDADÁNS NA MELLORA DA SOCIEDADE

- *A Estratexia mantén a estrutura do III Plan galego de acción voluntaria (2011-2014) e desenvolve tres grandes áreas de traballo nas cales se engloban os distintos obxectivos estratéxicos marcados pola lei*
- *A estratexia mellorará a xestión do ciclo de acción voluntaria de acordo cos principios de transparencia, eficacia e eficiencia, así como tamén o coñecemento do voluntariado, analizando as novas tendencias de participación social e as novas canles e colectividade e perfís de persoas voluntarias*
- *No momento actual, no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia están inscritas un total de 869 entidades de acción voluntaria, que declaran un total de 38.887 persoas voluntarias colaboradoras*
- *As axudas ao fomento do voluntariado son unha das políticas fundamentais da Dirección Xeral de Xuventude polo que, en 2016, as axudas que impulsan o voluntariado dirixidas a entidades locais e outras asociacións veranse incrementadas nun 4,08%, o que superará os 520.000 euros*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a Estratexia de acción voluntaria 2016-2018, que promove a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Esta iniciativa permitirá regular a actividade en materia de voluntariado durante os próximos tres anos e contará cun orzamento estimado de 3.650.331 euros.

A estratexia mantén a estrutura do III Plan galego de acción voluntaria (2011-2014) e desenvolve tres grandes áreas de traballo nas cales se engloban os distintos obxectivos estratéxicos marcados pola lei. A primeira grande área será a sensibilización que abarca os obxectivos de mellora da calidade e cantidade de participación cidadá, en especial a de colectivos con maiores dificultades sociais, así como a creación dunha estrutura global de información, formación e sensibilización de acción voluntaria. A segunda grande área será o apoio dentro do que se establecen os obxectivos de fortalecer as entidades de acción voluntaria, elaboración de novos instrumentos normativos, así como a elaboración de programas de formación. Por último, a grande área de coordinación ocupárase de reforzar a coordinación interadministrativa e interdepartamental.

A través da Estratexia de acción voluntaria 2016-2018, a Xunta de Galicia pretende aumentar a capacidade de transformación social e de participación activa dos cidadáns a través do voluntariado na mellora da sociedade. Do mesmo xeito, ampliaranse as marxes de sustentabilidade das entidades de acción voluntaria e do terceiro sector no seu conxunto. A Estratexia mellorará a xestión do ciclo de acción voluntaria de acordo

cos principios de transparencia, eficacia e eficiencia, así como tamén o coñecemento do voluntariado, analizando as novas tendencias de participación social e as novas canles e colectividades e perfís de persoas voluntarias.

No momento actual, no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia están inscritas un total de 869 entidades de acción voluntaria, que declaran un total de 38.887 persoas voluntarias colaboradoras. Por outra banda, na Sección de experiencias no Rexistro están depositadas 1.557 experiencias das persoas voluntarias. Galicia é pioneira na certificación oficial da experiencia voluntaria, grazas á creación deste rexistro. Esta certificación enriquece os currículos dos voluntarios e axuda a mellorar, polo tanto, as súas oportunidades de acceder a un posto de traballo.

Apoio ao voluntariado

A Estratexia de acción voluntaria 2016-2018 inscríbese na aposta da Xunta de Galicia polo voluntariado. Neste eido o Goberno autonómico leva a cabo numerosos programas como Voluntariado desde dentro, Pasaporte solidario, Rede de centros escolares solidarios, Programa de voluntariado de acompañamento a persoas con alzhéimer, Programa de voluntariado cultural nas bibliotecas de Galicia, Programa de voluntariado ambiental para a prevención e defensa contra os incendios forestais, Programa de voluntariado ambiental en Parques Naturais, Voluntariado Dixital, Intercambios en colaboración coa Rede Española de Albergues Xuvenís ou o Servizo de Voluntariado Xuvenil.

Cómpre lembrar que as axudas ao fomento do voluntariado son unha das políticas fundamentais da Dirección Xeral de Xuventude, que este ano 2016 verá incrementados os seus orzamentos nun 15% ata chegar aos 9.443.168 euros. En particular, as axudas que impulsan o voluntariado dirixidas a entidades locais e outras asociacións veranse incrementadas nun 4,08%, o que superará os 520.000 euros.

O PLAN DE INSPECCIÓN TURÍSTICA MELLORARÁ A CALIDADE E PROTEXERÁ OS EMPRESARIOS E USUARIOS DA INTRUSIÓN PROFESIONAL

- *O novo Plan de inspección turística que estará vixente ata finais deste ano 2016, foi presentado hoxe no Consello da Xunta*
- *Entre as principais novidades, destaca un especial seguimento da actividade desenvolvida polos guías turísticos, que será intensificada unha vez rematado o actual proceso de habilitación*
- *Destacan tamén as actuacións previstas contra a intrusión nos apartamentos e vivendas turísticos con especial vixilancia en portais da internet dedicados á oferta destes establecementos*
- *A actividade inspectora e sancionadora realizada no pasado ano 2015 superou nun 13% a do ano 2014*

O Plan de inspección turística que estará vixente ata finais deste ano 2016 foi presentado hoxe no Consello da Xunta de Galicia.

Este plan ten como finalidade primordial acadar unha mellora da calidade e da eficacia e eficiencia da disciplina turística e protexer tanto os empresarios como os usuarios turísticos da intrusión profesional.

A partir do mesmo, a Área de Inspección Turística de Turismo de Galicia desenvolverá o seu labor arredor de cada un dos diferente tipos de establecementos turísticos para garantir a calidade dos servizos ofertados.

Entre as principais novidades deste novo Plan de inspección destaca un especial seguimento durante a Semana Santa e nos meses de xuño a setembro nas principais cidades galegas da actividade desenvolvida polos guías turísticos. O obxectivo principal será o control do intrusismo profesional focalizando as actuacións nos centros de maior afluencia turística de núcleos históricos en tempada alta. Esta actuación inspectora intensificarase unha vez rematado o actual proceso de habilitación de guías.

Nesta liña, destacan tamén as actuacións recollidas no novo plan contra a intrusión nos apartamentos e vivendas turísticos con especial vixilancia en portais da internet dedicados á oferta destes establecementos. Neste senso, unha vez publicado o novo decreto regulador, que se encontra en proceso de tramitación, desenvolverase unha campaña informativa para regularizar a nova tipoloxía de vivendas de uso turístico. Ademais, levarase a cabo unha comprobación das instalacións e do bo estado dos establecementos autorizados.

Entre outras accións inspectoras o plan inclúe, tamén como novidade, unha actuación de control especial nos restaurantes para a comprobación de posibles incidencias nas

cartas, facendo especial fincapé na prohibición do chamado “fóra de carta” e unha comprobación das condicións hixiénico-sanitarias tanto dos albergues turísticos como dos bares.

En canto á actividade inspectora nas casas de turismo rural, o novo plan centra as súas actuacións na verificación das baixas deste tipo de establecementos.

Balance da actividade inspectora e sancionadora do 2015

Por outra parte, o Consello da Xunta fixo hoxe balance da actividade inspectora e sancionadora realizada no pasado ano 2015.

A análise mostrou unha prevalencia da función asesora e preventiva da inspección fronte á estritamente controladora ao rexistrarse no pasado ano un total de 3.926 actas de constancia fronte a 218 adxectivadas como de infracción.

Así mesmo, observouse un maior volume da actividade informadora sobre a disciplinaria ao rexistrarse unha presenza cuantitativamente menor dos informes de denuncia fronte aos informes técnicos ou de subvencións.

Segundo o balance, o total da actividade inspectora do pasado ano 2015 registrou un total de 6.423 de actas e informes fronte aos 5.662 rexistrados no ano 2014, o que significa un incremento de máis do 13% da actividade.

A XUNTA INCENTIVARÁ A INSTALACIÓN DE EMPRESAS VINCULADAS AO SECTOR PRIMARIO EN 27 PARQUES EMPRESARIAIS DE GALICIA

- *Estes proxectos de negocio, estratéxicos para a economía galega, serán declarados “singulares” e poderán acadar a adxudicación directa de solo en réxime de “dereito de superficie”, é dicir a cambio dun canon simbólico anual*
- *A oferta abrangue parques xestionados pola Administración autonómica nas catro provincias galegas e que teñen unha especial vinculación coa agrogandaría, ou o sector do mar*
- *Tamén terán prioridade as empresas dos sector do transporte nas dúas centrais de Ponte Caldelas e San Cibrao das Viñas*
- *O Consello da Xunta aprobou hoxe esta medida, que ten como obxectivo dinamizar a economía rural e contribuír ao equilibrio territorial*

A Xunta de Galicia incentivará a instalación das empresas vinculadas ao sector primario en 27 parques empresariais da Comunidade Autónoma, nos cales se lles ofertará solo desde 32 céntimos de euro por metro cadrado e ano. Estes negocios serán declarados “proxectos singulares” e poderán acadar a adxudicación directa de solo empresarial en réxime de superficie, é dicir, a cambio dun canon simbólico anual.

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace a esta medida, que ten como obxectivo dinamizar a economía rural e contribuír ao equilibrio territorial de Galicia, a través de proxectos de negocio considerados estratéxicos para a economía galega.

Ábrese esta posibilidade nun conxunto de parques empresariais xestionados pola Administración autonómica distribuídos polas catro provincias galegas e que teñen unha especial vinculación coa agricultura, gandaría, o sector do mar ou outras actividades do sector primario, debido ás súas singularidades concretas en canto a localización: proximidade a portos ou vinculación da economía da comarca.

En total a oferta para proxectos empresariais singulares vinculados ao sector primario é de 311 parcelas, que suman unha superficie total de 252.273 metros cadrados.

Por outra banda, e co mesmo obxectivo dinamizador, a Xunta considerará tamén como criterio prioritario e preferente para a declaración de “proxectos empresariais singulares”, para os efectos de constitución do dereito de superficie, aqueles proxectos empresariais vinculados ao sector do transporte para a localización na Central de Transportes de Ourense (San Cibrao das Viñas) e Central de Transportes de Ponte Caldelas.

Nas dúas centrais de transportes a oferta de solo suma 69 parcelas, cunha superficie total de 93.922,02 metros cadrados.

Tanto nos casos do sector primario como nos vinculados ao transporte, como regra xeral, os proxectos de negocio poderán optar á adxudicación directa de ata un 25% do solo dispoñible en cada un deses parques empresariais, ben que esa porcentaxe varía nos polígonos en que, pola configuración e tamaño das parcelas, non é posible reunir esa porcentaxe exacta.

Dereito de superficie

Con esta medida, o Goberno galego estende a sectores empresariais considerados estratéxicos para o país a posibilidade de acceder ao solo empresarial en réxime de dereito de superficie. O Consello da Xunta acordou o pasado mes de novembro comezar a aplicar esta nova fórmula nos parques empresariais da Comunidade co obxectivo de reforzar os programas destinados a facilitar o acceso ao solo empresarial en Galicia e a competir en mellores condicións con Portugal.

Nun primeiro momento decidiuse que terían acceso ao solo en réxime de dereito de superficie os proxectos empresariais que supoñan un certo volume de investimento (no arredor dos 8 millóns de euros) ou unha xeración de emprego relevante (arredor de 20 postos de traballo).

Froito do diálogo cos distintos colectivos empresariais, a Xunta decidiu estender as posibilidades de acceso ao solo en dereito de superficie a proxectos considerados estratéxicos nos parques empresariais e na súa área de influencia. Así, serán considerados "singulares" os proxectos empresariais relacionados coa rehabilitación, a construción sustentable e a biotecnoloxía que aspiren a instalarse no polígono da Sionlla, en Santiago de Compostela; e os relacionados co sector da automoción que pretendan desenvolverse no polígono da Veigadaña, en Mos.

Con decisión adoptada hoxe, o Goberno galego dá un paso máis para favorecer a actividade económica e a creación de emprego na Comunidade, optimizando as condicións de acceso ao solo empresarial para os emprendedores.

Os adxudicatarios deste dereito de superficie poderán construír as instalacións necesarias para desenvolver o seu proxecto empresarial nas parcelas que lles correspondan a cambio dun canon anual, equivalente a unha porcentaxe do prezo de venda da parcela.

Os pagamentos serán menores nos primeiros anos, tendo en conta que nesa etapa a empresa deberá afrontar os investimentos derivados da instalación e mesmo poderá desfrutarse dun primeiro ano de carencia se se solicita. A evolución do canon que deberán pagar será a seguinte:

- 1 ano de carencia, se se solicita.
- 1,5% do prezo de venda da parcela nos dous seguintes anos
- 2,5% do prezo de venda da parcela nos dous seguintes anos
- 3,5% do prezo de venda da parcela no resto do período de vixencia da concesión.

Durante os dez primeiros anos da concesión, os adxudicatarios poderán exercer o dereito de compra das parcelas ao seu prezo orixinal e descontando unha parte do pagado en concepto de canon.

O prego establece que o prazo de vixencia do dereito de superficie será de trinta anos, prorrogables ata un máximo total de sesenta anos por acordo entre as partes. Transcorrido o período de vixencia do dereito de superficie, a plena propiedade do solo, do subsolo e das edificacións construídas polo superficiario, en cumprimento das súas obrigas, reverterá no organismo público correspondente.

Como contraprestación económica pola constitución do dereito de superficie, o superficiario obrígase a aboar un canon mensual. O canon anual calcularase conforme a seguinte regra:

- Un primeiro ano de carencia, se se solicita, (o importe correspondente ao primeiro ano repartirase nos tres anos seguintes)
- Dous anos seguintes: o 1,5 % do prezo da parcela,
- Para o seguintes dous anos: o 2,5 % do prezo da parcelas
- Para o sexto ano e seguintes: o 3,5% do prezo de venda da parcela, sen incluír impostos indirectos sobre a constitución ou transmisión do dereito.

O canon superficiario actualizarase unha vez transcorrido un ano conforme a variación do índice de prezos ao consumo anunciado na páxina web Oficial do Instituto Nacional de Estatística ou concepto que o substitúa.

Dereito de opción de compra

A opción de compra sobre as parcelas adxudicadas en dereito de superficie poderase exercer en calquera momento nos dez primeiros anos, e terase que solicitar por escrito o seu exercicio.

O prezo de venda será o prezo sen bonificacións para a parcelas, e poderase deducir do prezo de venda ata o 40% das cantidades entregadas ata ese momento en concepto de canon.

A XUNTA SELECCIONA A INAER E INDRA COMO SOCIOS NO PARQUE TECNOLÓXICO E INDUSTRIAL DE AVIÓNS NON TRIPULADOS CUN IMPACTO ECONÓMICO DE 115 MILLÓNS E A CREACIÓN DE 600 EMPREGOS

- *O Goberno galego incrementa a súa achega ata os 40 millóns de euros para atraer a Galicia as dúas multinacionais que investirán 75 millóns*
- *Entre os compromisos do proxecto de Indra e Inaer figuran o traslado da súa actividade de UAV a Galicia, a implantación de 6 novas empresas na Comunidade, e a creación dun parque tecnolóxico en Rozas (Lugo)*
- *O aeródromo lucense incorporará un centro tecnolóxico, unha oficina de deseño e certificación, a fábrica de helicópteros non tripulados de Inaer e a fábrica de avións non tripulados de Indra así como os centros de mantemento das dúas frotas*
- *Prevese tamén a creación dunha unidade para a instrución e formación de pilotos, un centro de control de tráfico aéreo e unha incubadora de empresas*
- *Fabricaranse 3 modelos cun alto potencial de mercado –UAV Lumes, UAV Targus e USV vehículo mariño-, e sistemas e aplicacións que solucionan o 100% dos retos propostos como a detección de lumes, a vixilancia da contaminación ou a xestión eficiente do territorio*
- *O catálogo de produtos realizarase integramente en Galicia e comercializarase a nivel mundial, facilitando ao mesmo tempo o impulso de tecnoloxías transversais de alto impacto noutros sectores como o naval ou a automoción*

O Goberno galego, na súa aposta pola innovación como un dos eixos de desenvolvemento económico de Galicia, acaba de seleccionar as multinacionais Inaer e Indra como socios de referencia para o impulso dun parque tecnolóxico e industrial de avións non tripulados na Comunidade. Conclúese así un proceso competitivo aberto o ano pasado co obxectivo de seleccionar un ou varios socios que actuasen como clientes lanzadores de novas solucións para retos tecnolóxicos relacionados coa prestación de servizos públicos.

En total, este parque aeronáutico sumará un investimento público-privado de 115 millóns. Para isto, o Goberno galego destina 40 millóns ao proxecto, un 60% máis do previsto inicialmente, e atrae a Galicia as dúas multinacionais que investirán 75 millóns para facer realidade un proxecto que aspira a situar a Comunidade á cabeza do desenvolvemento de UAV de uso civil en España.

Neste marco, o proxecto conxunto de Inaer e Indra inclúe un plan asociado con contratos para 18 empresas –o 70% galegas- e 14 centros de coñecemento da Comunidade entre os que se inclúen as 3 universidades. Cómpre salientar que tres das empresas participantes trasladarán a súa sede a Galicia e existe tamén o compromiso de Indra de abrir 3 filiais na Comunidade, o que suma un total de 6 novas compañías implantadas na nosa terra.

Deste xeito, impulsárase un parque de referencia mundial na fabricación de avións non tripulados que integrará toda a cadea industrial en Galicia co obxectivo de desenvolver tecnoloxías encamiñadas a mellorar os servizos públicos. Contribuirase así á creación de emprego de calidade a través da fixación dunha nova industria.

Neste sentido, o desenvolvemento do proxecto de Inaer e Indra posibilitará a creación de 600 empregos en Galicia, a metade deles directos. Así, entre os compromisos establecidos, figuran o traslado da actividade de UAV de Indra e Inaer a Galicia así como un compromiso de permanencia das compañías e dos investimentos e a construción do parque tecnolóxico-industrial en Rozas (Lugo).

Para acadar este obxectivo, o aeródromo lucense incorporará un centro tecnolóxico, unha oficina de deseño e certificación, a fábrica de helicópteros non tripulados de Inaer, a de avións non tripulados de Indra e os centros de mantemento das dúas frotas. Así mesmo, prevese a creación dunha unidade de instrución e formación de pilotos, outra de instrución e formación de operadores de sensores, un centro de control de tráfico aéreo e unha incubadora de empresas.

Tres modelos cun alto potencial de mercado

Desta forma, establécense as condicións necesarias para fabricar en Galicia tres modelos pioneiros cun alto potencial de mercado. O UAV Lumes FF-101, o UAV de ala fixa Targus, e un vehículo mariño non tripulado que inclúe un microrobot submarino capacitado para a recollida de mostras.

Estes tres UAV, xunto ao impulso doutros sistemas e aplicacións, permitirán solucionar o 100% dos retos propostos, entre os que figuraban a prevención e extinción de incendios, o salvamento marítimo, o inventariado e a xestión intelixente do territorio, o control do furtivismo, a xestión da biomasa, a vixilancia costeira e a xestión eficiente de emerxencias e fluxos turísticos.

Así mesmo, o coñecemento obtido situará a Galicia con vantaxe no desenvolvemento e fabricación de tecnoloxía exportable a nivel mundial. Neste sentido, o catálogo de produtos se realizará integramente na Comunidade e se comercializará por todo o mundo, facilitando ao mesmo tempo o impulso de tecnoloxías transversais de alto impacto noutros sectores como o naval ou a automoción.

Indra e Inaer

O desenvolvemento deste parque industrial e tecnolóxico supón a aposta por Galicia de dúas das firmas máis importantes do sector, que facturan máis de 8.000 millóns ao ano e empregan 48.000 persoas. Neste contexto, Inaer Helicópteros é hoxe en día líder mundial na prestación de servizos de misións críticas con aeronaves tripuladas e

está presente en 23 países. A compañía facturou 6.285 millóns en 2014 e suma 35.200 empregados.

Pola súa banda, Indra configúrase como un dos líderes mundiais en alta tecnoloxía e desenvolve a súa actividade en 149 países. Só en 2014, a multinacional facturou 1.971 millóns e emprega nestes momentos 12.786 traballadores.

Neste marco, o proxecto conxunto permitirá facer de Galicia un referente en Europa no ámbito do desenvolvemento de tecnoloxías en avións non tripulados para aplicacións civís que exercerá de tractor para novos investimentos e favorecerá a mellora da competitividade industrial galega.

Así mesmo, cómpre lembrar que se está a desenvolver tamén un proceso de compra pública innovadora de tecnoloxías innovadoras pero xa desenvolvidas por valor de 20 millóns de euros co mesmo obxectivo de mellora de servizos públicos. Unha contía á que cabe sumarlle tamén os 10 millóns xa investidos no aeródromo de Rozas co obxectivo de situar a Galicia á vangarda da innovación en avións non tripulados de uso civil.

MÁIS DE 3.500 MARISCADORES E MARISCADORAS SE BENEFICIAN DA MELLORA NA CLASIFICACIÓN MICROBIOLÓXICA EN 33 ZONAS DE PRODUCCIÓN DE GALICIA

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe no que se dá conta dos cambios da clasificación microbiolóxica das zonas de produción de marisco entre abril de 2009 e xaneiro de 2016*
- *As zonas de produción de moluscos bivalvos infaunais como a ameixa, o berberecho ou a navalla, entre outros, e os polígonos de bateas en que se rexistrou melloría representan unha superficie total de 885 km² e 607 bateas*
- *Destaca o incremento da porcentaxe das zonas de mellor clasificación, as de clase A, que pasan a representar un 17% en 2016, fronte ao 4% que representaban no 2009*
- *Tamén o descenso global das zonas de produción de maior carga contaminante, as de clase C, baixan a un 7% no 2016, fronte ao 15% que representaban no ano 2009*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Mar sobre os cambios da clasificación microbiolóxica das zonas de produción de marisco entre abril de 2009 e xaneiro de 2016. Del despréndese que un total 3.575 mariscadoras e mariscadores se benefician da mellora na clasificación microbiolóxica de 33 zonas de produción de Galicia.

As zonas de produción de moluscos bivalvos infaunais como a ameixa, o berberecho ou a navalla, entre outros, e os polígonos de bateas en que se rexistrou melloría representan unha superficie total de 885 km² e 607 bateas. Isto fronte a un total de 11 zonas en que a situación microbiolóxica empeorou e que representan unha superficie total 10 km² e 58 bateas.

Estas zonas de produción clasifícanse en tres categorías atendendo aos niveis de bacteria *E. coli*. Así, as zonas de clase A son aquelas de mellor estado sanitario e nas cales os moluscos que proceden delas poderán ir ao consumo directo sen necesidade de pasar por depuración —sempre a través dun centro de expedición que terá o correspondente rexistro sanitario—.

As zonas de clase B son aquelas en que os moluscos recollidos nelas deben ir á depuración, reinstalación ou tratamento térmico antes de ser consumidos. Por último, as zonas de clase C son as de máis carga contaminante e os moluscos recollidos nelas só se poden comercializar tras ir á reinstalación durante un período ata cumprir as normas sanitarias ou ben pasar polos procesos térmicos indicados na lexislación en vigor.

En canto a estas categorías, o informe destaca o incremento da porcentaxe das zonas de mellor clasificación, as de clase A, que pasan a representar un 17% en 2016, fronte ao 4% que representaban en 2009. Tamén o descenso global das zonas de produción de maior carga contaminante, as de clase C, baixan a un 7% en 2016, fronte ao 15% que representaban no ano 2009.

Esta mellora é unha consecuencia directa do programa de actuacións en materia de saneamento e depuración dos efluentes, tanto urbanos como industriais, que poidan chegar ás rías de Galicia, promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, coa colaboración da Consellería do Mar. Tamén dos labores de rexeneración en bancos marisqueiros, levados a cabo pola Consellería do Mar e polo propio sector. Esta evolución positiva redonda en mellores opcións de cara á comercialización dos moluscos.

En canto ao número de zonas, cabe ter en conta que desde abril de 2009 ata febreiro de 2016 houbo un incremento do 31% en número de zonas (de 98 a 128) debido á creación das zonas de reinstalación, ao despregamento das zonas de produción de bateas por polígonos e ás subdivisións de zonas de produción en subzonas máis pequenas. Isto realizouse co obxectivo de reducir ao máximo a superficie das zonas clasificadas C e favorecer a actividade do sector.